



## **COMUNICACIÓN RELATIVA AOS TRÁMITES ADMINISTRATIVOS PARA A CONTRATACIÓN DE PROXECTOS DO FONDO DE PROXECTOS CULTURAI XACOBEO 2021**

### **1 INTRODUCCIÓN**

Mediante a Resolución do 22 de maio de 2020, da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo, aprobáronse as bases para presentar creacións culturais, bens ou servizos de consideración análoga, coa finalidade de configurar un fondo de contidos creativos de interese cultural e artístico, lingüístico e turístico denominado Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021(Fondo X21).

En calquera das modalidades previstas nas bases da convocatoria, os proxectos poderán presentarse en formato presencial/material e/ou dixital, ou combinar ambos os dous formatos.

A convocatoria prevé que os proxectos seleccionados se publicarán periodicamente para cada modalidade mediante unha resolución do secretario xeral de Política Lingüística na web [www.lingua.gal](http://www.lingua.gal). Nela indicárase, por orde de prelación, a puntuación obtida por cada proxecto seleccionado. Tamén se publicarán os proxectos non seleccionados e, de ser o caso, os motivos de desistencia ou rexeitamento.

A primeira resolución periódica para a selección de proxectos do Fondo X21 para cada modalidade publicarase na web [www.lingua.gal](http://www.lingua.gal) o día **17 de xuño de 2020**.

As seguintes resolucións, coa identificación dos proxectos seleccionados de cada modalidade, publicaranse a medida que se resolvan os respectivos expedientes.

A partir do momento da publicación da resolución de proxectos seleccionados na páxina web, as persoas, empresas ou entidades seleccionadas recibirán unha notificación formal da resolución de adxudicación da persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Nela, indicáranse as características esenciais para a adquisición das creacións culturais, lingüísticas e/ou artísticas e/ou dos bens culturais seleccionados e, igualmente, as condicións para a execución doutros servizos.

### **2 FORMA DE REALIZAR AS NOTIFICACIÓNS POLA ADMINISTRACIÓN CONTRATANTE**





A notificación da resolución de adxudicación do proxecto correspondente ao adxudicatario seleccionado realizaraa a Secretaría Xeral de Política Lingüística mediante **correo electrónico** e dirixírase ao enderezo electrónico da persoa interesada que figura no expediente. No prazo máximo de 10 días naturais dende o envío, deberá confirmar a súa recepción mediante unha mensaxe electrónica na que manifieste a súa aceptación.

### 3 ENTREGA DE CREACIÓNS CULTURAIS OU ARTÍSTICAS, PRODUTOS OU BENS CULTURAIS SELECCIONADOS E FORMA DE EXECUCIÓN DOUTROS SERVIZOS OU EVENTOS

**3.1.** Os proxectos en **formato material** consistentes en creacións culturais ou artísticas, produtos ou bens culturais seleccionados entregaranos os respectivos adxudicatarios ou as persoas autorizadas que os representen nas dependencias da Secretaría Xeral de Política Lingüística, con enderezo na rúa de San Roque, 2, de Santiago de Compostela.

A partir da referida entrega, tramitarase o pagamento da factura correspondente, que deberá presentarse no sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia e dirixirse á Secretaría Xeral de Política Lingüística segundo as indicacións da correspondente notificación.

**3.2.** Os proxectos en **formato dixital** seleccionados enviaranse de acordo co previsto no apartado 4 da base 14 da convocatoria do Fondo X21 que está publicada nesta páxina web [www.lingua.gal](http://www.lingua.gal) e que se reproduce a continuación.

Enviaranse a través de Velaquí ou We Transfer. A dispoñibilidade de descarga nestes repositorios ten que estar garantida como mínimo durante 10 días para permitir a xestión da unidade tramitadora. De ser necesario facilitar un correo electrónico do destinatario para aviso da dispoñibilidade dos proxectos dixitais nos repositorios, utilizarase [sxpl.secretaria@xunta.gal](mailto:sxpl.secretaria@xunta.gal).

Inmediatamente despois de realizar o envío, ademais, subirase á sede electrónica da Xunta de Galicia o documento que figura como anexo III desta resolución, que estará á disposición da persoa solicitante en formato editable na web <http://www.lingua.gal>.

Para realizar a achega do anexo III, a persoa interesada accederá ao expediente na





# XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
CULTURA E TURISMO

Secretaría Xeral de Política Lingüística

carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante no enderezo <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadán> (código de procedemento PR004A) e despregará no botón «Accións», situado na marxe esquerda, a opción «Documentación separada da solicitude». Cubrirá o formulario que facilita a sede electrónica da Xunta de Galicia e xuntará a este formulario o referido anexo III.

No anexo III incluíranse os seguintes datos:

Datos identificativos da empresa, cooperativa ou profesional que presenta o produto seleccionado: nome, enderezo, teléfono, enderezo electrónico, e, así mesmo, o título do vídeo ou produto audiovisual e a identificación da ligazón de descarga.

**3.3** Para a execución de proxectos consistentes na realización de espectáculos, obradoiros, outros servizos ou eventos ou que combinan o formato material e dixital, os adxudicatarios recibirán unha notificación onde se describirán as condicións de execución e, de ser o caso, da entrega do produto dixital. Así mesmo, asinarán un contrato para a execución do servizo ou evento correspondente.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital deste documento

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez



Xacobeo 2021

